



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.

**Expte. 2021/G007/000023**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dezasete de xuño de dous mil vinte e un, réunese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria convocada regulamentariamente. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, con asistencia dos seus membros:

Dona Rosa Ana García López, dona Jessica Sabín Fernández, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que despois de ser aberta pola Presidencia, dada a existencia de quorum, se debateron e adoptaron os seguintes acordos e conforme á seguinte

### **Orde do Día**

#### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS: 27.05.21 – 03.06.21 – 10.06.21.-**

As actas anteditas resultaron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes ás mesmas.

#### **2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS N.º F/2021/39.-** PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/39 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 5 facturas ascende á cantidade de CORENTA E SEIS DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (46.214,20 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en data 15 de xuño de 2021 en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

## **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2021/39 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 46.214,20 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

Analizadas pola **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros

## **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

## **3º.-EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

### ***Concesión de licenza de 1ª ocupación.***

#### **.- Expediente 11/2020.- LAURA LOUREIRO RODRÍGUEZ.-**

Proposta de Alcaldía:

“Expediente para licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita no lugar de Castido, parroquia de Lago, Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras 86/2018, licenza concedida en Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2018.

Visto o informe do arquitecto municipal de 10 de xuño de 2021 no que se conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa favorable a licenza de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das bases de Rexime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

## **ACORDO:**

**1º.-** Conceder á peticionaria Laura Loureiro Rodríguez a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita no lugar de Castido, parroquia de Lago, Valdoviño segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

**2º.-** Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licenza de 1ª ocupación, con importe de 75,20 euros.

**3º.-** Notifíquese o presente acordo á interesada e dése traslado do mesmo ao negociado de urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, a 14 de xuño de 2021.

O alcalde,

Asinado/ Alberto González Fernández”.

**Visto o expediente de referencia e a proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a concesión de licencia de 1ª ocupación referida e consonte á descrito nos informes e na proposta.**

***Concesión de licenza de obra maior para vivenda unifamiliar.***

**.- Expediente 223/2020.- FLORENTINO CARBALLEIRA CAMPELLO.-**

Proposta de Alcaldía:

“ Para as obras de construción de vivenda unifamiliar e piscina, lugar de Castido, parroquia de Lago, Valdoviño, en solo clasificado e cualificado coma SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL, ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA E SOLO NON URBANIZABLE (Común), e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro.

Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 15 de xuño de 2021 en sentido FAVORABLE.

Esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das bases de Rexime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Conceder licenza para construción de vienda unifamiliar e piscina, lugar de Castido, parroquia de Lago, Valdoviño, licenza que se outogra agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axuntaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 15 de xuño de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose:  
Taxas.- 48,08€; ICIO.- 2.772€.

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 16 de xuño de 2021  
O alcalde  
Asinado/ Alberto González Fernández

**A Xunta de Goberno Local, aprobou a anterior proposta de Alcaldía en votación ordinaria e por unanimidade dos seus compoñentes.**

***Concesión de licenza de obra maior para vivenda unifamiliar.***

**.- Expediente 21/2021.- ROCIO CASTRO ALVARIÑO.-**

Proposta de Alcaldía:

“ Para as obras de construción de vivenda unifamiliar e piscina, Travesía de Ferrol B, parroquia de Valdoviño, en solo clasificado e cualificado coma SOLO URBANO ORDENANZA 1. ZONA DE RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVENDA UNIFAMILIAR, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro.

Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 15 de xuño de 2021 en sentido FAVORABLE.

Esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das bases de Rexime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Conceder licenza para construción de vienda unifamiliar e piscina, lugar de Travesía de Ferrol B, parroquia de Valdoviño, licenza que se outogra agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axuntaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 15 de xuño de 2021, debendo trasladarse ditas condicións á promotora do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose:  
Taxas.- 48,08€; ICIO.- 3.430€.

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo á interesada e dese traslado do mesmo ao negociado de urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 16 de xuño de 2021  
O alcalde  
Asinado/ Alberto González Fernández

**A Xunta de Goberno Local, aprobou a anterior proposta de Alcaldía en votación ordinaria e por unanimidade dos seus compoñentes**

**4º.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA: “MELLORA DE SANEAMENTO EN LAGO PRESENTADA POR VIAQUA”.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Asunto: Solicitud de prórroga pola empresa VIAQUA para a obra do POS+2021: Proxecto de mellora de saneamento en Lago.**

En data 11.6.21 e con núm. de rexistro 2021/99900000919, don Luis Morón Soto actuando en representación da empresa VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU, NIF A66141185, presenta escrito de petición de prórroga por prazo dun mes, fixando como data de terminación o 20 de xullo de 2021 para execución da obra “Proxecto de mellora de saneamento en Lago”, da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición debido a que con motivo do COVID-19 a data de entrega dos equipos electromecánicos (cadros e bombas) para a execución das obras demorouse, o que impide o remate das obras contratadas dentro do prazo.

Esta Alcaldía, facendo uso das atribucións que a Lei lle confire, PROPÓN a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Acceder á petición da prórroga polo prazo solicitado dun mes a contar dende a notificación deste acordo á empresa.

**Segundo.-** Notificar o acordo á adxudicataria VIAQUA así como ao Director da Obra, para seu coñecemento e efectos.

Non obstante a Xunta decidirá o que estime convinte.  
*/Documento asinado dixital polo alcalde/*

**A Xunta de Goberno Local, aprobou a anterior proposta de Alcaldía en votación ordinaria e por unanimidade dos seus compoñentes.**

**5º.- APROBACIÓN DE CONTRATO MENOR CON OPEN ENERGY 2012, SL, PARA O SERVIZO DE FACTURACIÓN ENERXÉTICA.-**

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Apreciada a necesidade de continuar coa xestión e optimización da facturación enerxética para os centros de consumo do concello, o acceso á solución informática que permita a xestión de control de todos os consumos eléctricos do concello así como a interlocución coas diferentes compañías eléctricas. Considerando a carencia de medios técnicos e materiais dos que dispón o Concello para realizar estas labores de control, xestión e supervisión da facturación realizada polas compañías eléctricas estimouse apropiado e necesario solicitar un orzamento a unha empresa especializada no sector para a realización destas labores técnicas.

Visto o orzamento de data 11 de maio de 2021 presentado pola empresa OPEN ENERGY 2012 S. L., polo servizo xestión e optimización da facturación enerxética, o acceso á solución informática e interlocución coas compañías eléctricas o cal ascende a 3.960,00 euros máis IVE (4.791,60 euros) e que considerando que a devandita entidade mercantil dispón da capacidade de obrar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 de Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Observando que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 165.22706 para facer fronte ao gasto previsto.

Considerando que segundo devandito artigo 118.1: *“Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos, sen perxuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal.”*

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo o órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación da alcaldía ao abeiro do Decreto de Alcaldía nº 229/2019 de 25 de xuño de 2019.

Toda vez que consta a retención de crédito segundo o documento contable con operación nº 220210004190 polo queda acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente para autorizar o devandito gasto na aplicación orzamentaria 165.22706.

Esta alcaldía en virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril e demais normativa concordante propón que se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a OPEN ENERGY 2012, S. L. o servizo técnico de xestión e optimización da facturación enerxética, acceso á solución informática e a interlocución coas compañías eléctricas polo importe de 4.791,60 euros (IVE INCLUIDO) con cargo á aplicación orzamentaria 165.22706 e cun prazo de execución de 12 meses.

**SEGUNDO.-** Autorizar e comprometer o gasto derivado da adxudicación do servizo indicado con cargo a aplicación orzamentaria 165.22706.

**TERCEIRO.-** Publicar o contrato menor na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público – LCSP 2017-, comprendendo a información para publicar o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o IVE, e a identidade da adxudicataria.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao contratista adxudicatario, con indicación dos recursos procedentes.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O alcalde:

Asdo.: Alberto González Fernández (Asdo. Dixitalmente)”

**Examinada a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación do contrato menor antedito e conforme á proposta transcrita.**

**6º.- APROBACIÓN ADXUDICACIÓN POR CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE ATENCIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.-**

**PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

“Detectada a necesidade de proceder á contratación do servizo de mantemento, limpeza, recepción e atención da piscina con dous/dúas socorristas cualificados/a na piscina municipal de Lago toda vez que é importe promover a práctica das actividades lúdicas nesta piscina municipal polos amplios beneficios que reporta tanto polas propias actividades, como polo múltiples beneficios físicos e mentais o que sumado ao feito de que sexa realizado no exterior incrementa exponencialmente os efectos positivos destas actividades. Por conseguinte estimouse apropiado e necesario solicitar un orzamento a empresas especializada no sector para a realización destes servizos.

Vistos o orzamentos presentados en data 11/06/2021 por Somos Enredos S. L. e Paula Ramonde Varela polo servizo de mantemento e limpeza, persoal de recepción na piscina así como atención da piscina con dous/dúas socorristas cualificados/as os cales ascenden a 8.349,00 euros ao mes no caso de Somos Enredos, S. L. e de 8.712,00 euros ao mes segundo o orzamento de Paula Ramonde Varela. E considerando que ambos dispoñen da capacidade de obrar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 de Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Observando que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 341.22799 para facer fronte ao gasto previsto.

Considerando que segundo devandito artigo 118.1: “*Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos, sen perxuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal.*” Se ben este terceiro foi adxudicatario da prestación doutros servizos no presente exercicio, en concreto, a xestión das actividades deportivas municipais, debe considerarse que este servizo de atención da piscina municipal ten diferente obxecto polo que non se produce ningún fraccionamento de contrato.

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo o órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación da alcaldía ao abeiro do Decreto de Alcaldía nº 229/2019 de 25 de xuño de 2019.

Toda vez que consta a retención de crédito segundo o documento contable con operación nº 220210004200 polo queda acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente para autorizar o devandito gasto na aplicación orzamentaria 341.22799.

Esta alcaldía en virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril e demais normativa concordante propón que se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a SOMOS ENREDOS, S. L. o servizo de atención da piscina municipal de Lago consistente na recepción da piscina municipal, na limpeza da piscina e de atención con dous/dúas socorristas cualificados/as para garantir a seguridade dos/as usuarios/as na piscina municipal de Lago durante os meses de xullo e agosto polo importe de 16.698,00 euros (IVE INCLUIDO) con cargo á aplicación orzamentaria 341.22799 e cun prazo de execución de 2 meses.

**SEGUNDO.-** Autorizar e comprometer o gasto derivado da adxudicación do servizo indicado con cargo a aplicación orzamentaria 341.22799.

**TERCEIRO.-** Publicar o contrato menor na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público – LCSP 2017-, comprendendo a información para publicar o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o IVE, e a identidade da adxudicataria.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución á empresa adxudicataria, con indicación dos recursos procedentes.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo.: Alberto González Fernández (*Asdo. Dixitalmente*) “

**Examinada a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación do contrato menor antedito e conforme á proposta transcrita.**

**7º.- ADXUDICACIÓN SERVIZO IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS NA PISCINA MUNICIPAL.-**  
**PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

“Detectada a necesidade de proceder á contratación de dúas/dous monitoras/es cualificadas/os para a realización de actividades acuáticas na piscina municipal de Lago toda vez que é importe promover a práctica das actividades deportivas nesta piscina polos amplos beneficios que reporta tanto pola propia práctica do exercicio, como pola realización do mesmo no medio acuático o que sumado ao feito de que sexa realizado no exterior incrementa exponencialmente os efectos positivos destas actividades. Por conseguinte estimouse apropiado e necesario solicitar un orzamento a empresas especializada no sector para a realización destes servizos.



Vistos o orzamentos presentados en data 11/06/2021 por Somos Enredos S. L. e Paula Ramonde Varela polo servizo de 2 monitores/as de actividades acuáticas os cales ascenden a 2.299,00 euros ao mes no caso de Somos Enredos, S. L. e de 2087,25 euros ao mes segundo o orzamento de Paula Ramonde Varela. E considerando que ambos dispoñen da capacidade de obrar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 de Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Observando que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 341.22799 para facer fronte ao gasto previsto.

Considerando que segundo devandito artigo 118.1: *“Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos, sen perxuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal.”*

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo o órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación da alcaldía ao abeiro do Decreto de Alcaldía nº 229/2019 de 25 de xuño de 2019.

Toda vez que consta a retención de crédito segundo o documento contable con operación nº 220210004199 polo queda acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente para autorizar o devandito gasto na aplicación orzamentaria 341.22799.

Esta alcaldía en virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril e demais normativa concordante propón que se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a PAULA RAMONDE VARELA o servizo de atención con dous/dúas monitores/as cualificados/as para a impartición de actividades acuáticas na piscina municipal de Lago durante os meses de xullo e agosto polo importe de 4.174,50 euros (IVE INCLUIDO) con cargo á aplicación orzamentaria 341.22799 e cun prazo de execución de 2 meses.

**SEGUNDO.-** Autorizar e comprometer o gasto derivado da adxudicación do servizo indicado con cargo a aplicación orzamentaria 341.22799.

**TERCEIRO.-** Publicar o contrato menor na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público – LCSP 2017-, comprendendo a información para publicar o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o IVE, e a identidade da adxudicataria.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución á profesional adxudicataria, con indicación dos recursos procedentes.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo.: Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

**Examinada a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación do contrato menor antedito e conforme á proposta transcrita.**

**8º.- ADXUDICACIÓN SERVIZO XESTIÓN ARQUIVO MUNICIPAL.-**  
**PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

Detectada a necesidade de continuar coa organización, xestión e actualización do arquivo municipal toda vez que o correcto funcionamento do arquivo constitúe unha parte vital na xestión administrativa municipal, especialmente tendo en conta que como hai pouco tempo que se iniciou a tramitación electrónica dos expedientes aínda existe unha gran cantidade de procedementos que foron tramitados en papel polo que deben ser obxecto dun arquivo adecuado que permita o seu fácil e rápido acceso no futuro. Considerando a carencia de medios técnicos e materiais dos que dispón o Concello para realizar estas labores de organización e xestión do arquivo municipal estimouse apropiado e necesario solicitar un orzamento a unha profesional especializada no sector para a realización destas labores técnicas.

Visto o orzamento de data 14 de maio de 2021 presentado pola profesional Beatriz Bermúdez Blanco polo servizo de expurgo de documentación, transferencia de documentación entre os diferentes arquivos municipais e as oficinas municipais así como o inventariado e descrición o cal ascende a 1815 euros ao mes (IVE incluído) e que será necesario que estas labores sexan efectuadas durante un período de 8 meses. Considerando que a devandita profesional dispón da capacidade de obrar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 de Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Observando que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 920.22706 para facer fronte ao gasto previsto.

Considerando que segundo devandito artigo 118.1: “*Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos, sen perxuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal.*”

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo o órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación da alcaldía ao abeiro do Decreto de Alcaldía nº 229/2019 de 25 de xuño de 2019.

Toda vez que consta a retención de crédito segundo o documento contable con operación nº 220210003867 polo queda acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente para autorizar o devandito gasto na aplicación orzamentaria 920.22706.

Esta alcaldía en virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril e demais normativa concordante propón que se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a BEATRIZ BERMÚDEZ BLANCO o servizo de xestión do arquivo municipal consistente no expurgo de documentación, transferencia de documentación entre os arquivos municipais e as oficinas así como o inventariado e descripción polo importe de 14.520,00 euros (IVE INCLUIDO) con cargo á aplicación orzamentaria 920.22706 e cun prazo de execución de 8 meses.

**SEGUNDO.-** Autorizar e comprometer o gasto derivado da adxudicación do servizo indicado con cargo a aplicación orzamentaria 920.22706.

**TERCEIRO.-** Publicar o contrato menor na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público – LCSP 2017-, comprendendo a información para publicar o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o IVE, e a identidade da adxudicataria.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución á contratista adxudicataria, con indicación dos recursos procedentes.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo.: Alberto González Fernández (*Asdo. Dixitalmente*)”.

**Examinada a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación do contrato menor antedito e conforme á proposta transcrita.**

PARTE DE ACTIVIDADE

**9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta sesión non se presentaron rogos nen preguntas.

Ás dez horas sen máis asuntos para a sesión, o Presidente da por rematada a sesión, da que eu Secretaria, CERTIFICO o seu contido expresado na presente acta.

*Documento asinado á marxe, pola secretaria municipal e polo alcalde.*